

## Curso avanzado de Word

Antonio Martín

### Introdución

O curso diríxese a todas esas persoas que usan Word habitualmente e buscan o xeito de automatizar tarefas e aforrar horas de traballo. Queres que Word traballe por ti? Neste curso aprenderás a personalizar Word e usar ferramentas como a opción Localizar e substituír, e as macros. O curso impartirase en español.

### Programa e horario

Sábado, 12 de marzo, de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.

1. Axustes iniciais
  - Word á túa medida: personalizar
  - O eixe do mal en Word: Como facer que Word deixe de “facer cousas raras”
2. Localizar e substituír: o tesouro de Word
  - Pensar e planificar
  - Localizar e substituír básico ou non tanto
  - L&S o que non se ve: de estilos a formato
  - L&S o que non sabes pedir a Word
  - Aprendendo comodínés
  - Instrucións complexas
3. Macros ou como facer que Word traballe para ti
  - O sinxelo: mira o que fago e faino ti
  - Copiar e pegar macros
  - Como exportar e importar macros
  - Macros para limpar e axudar na tradución

### Profesor: Antonio Martín

Ldo. Filoloxía Hca. na UCM. Profesor, comunicador e periodista: CEO de [CÁLAMO&CRAN](#), [PUBLISHNEWS](#) e [EnClaro](#) (Lenguaje claro en español). Membro de [PALABRAS MAYORES](#). Cofundador de [UniCo](#) e de [SEA](#) (Spanish Editors Association). Fundador de [EnClaro](#) (Lenguaje claro en español). **Socio de Honra** de La Casa del Corrector, da Fundación Litterae. Membro do consello editorial da revista [Archiletras](#). É coautor de *El libro rojo de C&C* (C&C, Madrid, 2013), *199 recetas infalibles para expresarse bien* (Vox, Barcelona, 2015), *Dilo bien y dilo claro* (Larousse, Barcelona, 2017), e autor de [La mano invisible: confesiones de un corrector iconoclasta](#) (CSIC, Madrid, 2019). É un profesor apaixonado e ameno, entusiasta divulgador da linguaxe.

## Lugar de celebración

[Facultade de Filoloxía](#) da Universidade de Santiago de Compostela

## Preinscricións

As cotas de matrícula son 80 € para socios da AGPTI e o alumnado da USC, 100 € para socios da Rede Vértice\* e 135 € para non socios. Pregámosvos que **non** pagueades mentres que non vos confirmemos a vosa admisión. A confirmación comunicarase por correo electrónico, tanto a admisión como os pasos que debedes dar para formalizar a matrícula.

Dado que este curso ten un número de prazas limitado, darase preferencia aos socios e socias da AGPTI. Polo demais, a admisión realizarase por estrita orde de chegada das solicitudes de preinscrición, criterio que rexerá tamén en caso de que algunha das persoas preinscricións non formalice a matrícula no prazo estipulado e haxa que recorrer á lista de espera, se a houbese.

Para preinscribivros neste curso, enchede [este formulario](#).

**Prazo de preinscrición:** desde hoxe ata o 2 de marzo.

*\* A Rede Vértice está formada polas seguintes asociacións: AATI, ACEC, ACE Tradutores, AGPTI, AICE, AIPTI, APTIC, APTIJ, ASATI, Asetrad, ATIJC, ATRAE, AVIC, EIZIE, ESPaiic, FILSE, TREMÉDICA, UniCo e XARXA.*